

## A boa medicina

**A boa medicina precisa de profesionalidade, mais tamén de doses importantes de emoción, escucha e comunicación.** Necesitarás seguir aprendendo ao longo da túa vida. Cumprirás escutar as mestras e mestres con que te atoparás no teu devir sanitario; prestar atención a descripción dos síntomas que fan os doentes; preguntarles para afondar; redactar informes e artigos; falar para expoñer, diagnosticar, prescribir, aconsellar, dar boas novas, consolar...

**Para iso necesitamos as lingua**s. Todas as linguas serven igualmente para estruturar e expresar os nosos pensamentos e ideas, e para comunicarnos. No mundo interconectado de hoxe cómpre entender e expresarse en varias linguas, nomeadamente as linguas das comunidades en que vivimos.

En Galicia hai dúas linguas oficiais, galego e castelán. O galego é lingua propia da Universidade de Santiago, segundo os nosos Estatutos. Na docencia, nas aulas, nas prácticas, no hospital e nos centros de saúde atoparás profesorado, alumnado, persoal sanitario e doentes que teñen o dereito de utilizar libremente calquera das dúas linguas. E ninguén ten a obriga de cambiar de idioma, galego ou castelán, nin sequera nas actividades académicas.

**Se vés de fóra, a USC ofréceche facilidades:** os cursos de lingua galega para non galeofalantes, a aprendizaxe por parellas, recursos... E o profesorado e os teus compañeiros e compañeiras van axudarte.

**Di «graciñas» e recibirás agradecemento. Ti tamén podes corresponder, esforzarte un pouquiño.** Interésate polo galego, na facultade e na cidade. Non teñas medo de aprender unha nova lingua, e menos o galego: é moi parecida á túa e descubrirás —xa estás descubrindo— que podes entender molto máis do que cres, máis ainda tendo unha formación universitaria! Entender unha lingua nova non che vai quitar a túa.

**E pide que falen en galego, explica que queres aprender, que non te exclúan.** As galegas e galegos, a custa de perder o noso propio idioma, somos moi dados a falar en castelán en canto hai alguén de fóra ou pensamos que non nos entenden. E por que non habías entendelo cun pouquiño de axuda?

**Se es do país, áinda que non fales galego adoito, enténdelo seguro.** Respecta as persoas que queren exercer o seu dereito a expresarse en galego, non o fan por amolar a ninguén. Lembra que a Facultade de Medicina da USC é a única do mundo en que se pode usar a nosa lingua, non perdamos esa riqueza.

**E ti, que es galeofalante, acolle os teus compañeiros e compañeiras de fóra na nosa lingua,** axúdaos con respecto e cariño, usa os teus dereitos, alimenta a comunicación, contribúe á diversidade.



**a boa  
medicina**

